



RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA

Asunto: Convocatoria da Xunta de Goberno Local para o 27.07.2026

Don **Manuel Vázquez Faraldo**, alcalde do Concello de Miño, de conformidade co establecido no artigo 112 do Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, o artigo 130 e seguintes do Regulamento orgánico do Concello de Miño e ao abeiro do previsto no artigo 46.3 LRBRL, **RESOLVO**:

PRIMEIRO E ÚNICO.- Convocar a sesión extraordinaria da Xunta de Goberno Local do Concello de Miño, que terá lugar o día 27 de xullo de 2026 ás 12:30 horas no salón de sesións da casa do concello, e fixar a seguinte orde do día:

1. Aprobación da acta da sesión anterior: sesión extraordinaria do 17.07.2026

2. Tarxetas de estacionamento para persoas con discapacidade

2.1. Expediente número 2026/V006/000014. Concesión da tarxeta de estacionamento para persoas con discapacidade que solicitou M.G.C.

3. Licenzas urbanísticas e comunicacións previas

3.1. Expediente número 2026/U018/000005. Licenza de segregación dunha parcela situada no lugar de Padrín, 41, Bemantes, de Jorge Vázquez Medín e M^a José Lorenzo Sabín.

3.2. Expediente número 2026/U026/000115. Inicio de expediente de declaración de ineficacia da comunicación previa de obra para instalación de caseta de apeiros prefabricada na parcela situada no polígono 9, parcela 1152 de Miño de Laura Serrano Soria.

4. Contratación

4.1. Expediente número 2026/C003/000005. Aprobación do expediente de contratación para a adxudicación do contrato de obra "Mellora da rúa Estrada da Praia"

4.2. Expediente número 2026/C003/000008. Aprobación do expediente de contratación para a adxudicación do contrato de obra "Reposición e rehabilitación de firmes nas rúas Barrosa, Carreira e Raxel 1c.1.0023"

A documentación estará á disposición das concelleiras e concelleiros a través do portal de cargos electos da sede electrónica do Concello de Miño.

Miño, na data da sinatura dixital

O alcalde

Manuel Vázquez Faraldo

Dou fe. O secretario municipal

David Veiga Sierra